COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHICULOS.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beiraría/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

*55.M.P.N. (BAR LICENCIA 45), co NIF ***1630**, con enderezo na avda. Vigo, nºX 36940 Cangas.*

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019, de 24 m2 (na fachada do establecemento) e 32 m2 (no fronte e dentro da superficie da pérgola) na Praza das Pontes.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beiraría/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

56.A.R.G. (TABERNA MANOLO MAÑANITA), con NIF ***8585**, con enderezo na Praza do Arco, nºX 36940 Cangas.

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019, de 15 m2 diante do establecemento na Praza do Arco, nºX.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS, DEIXAR SUFICIENTE ESPACIO ENTRE TERRAZAS E O ESPAZO ADECUADO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.

Ó TRATARSE DUNHA RUA POLA QUE CIRCULAN VEHÍCULOS TEN QUE MANTER LIBRE O VIAL DE CALQUERA ELEMENTO QUE IMPIDA O ACCESO, COMO MESAS, CADEIRAS, TOLDOS, ETC.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beiraría/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

57.MATE, C.B. (CASA PORRON), có CIF E36584647, rep.: E.E.G., con NIF ***3583**, con enderezo no avda. E. Sequeiros, nºX 36940 Cangas.

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019, de 40 m2 no fronte do establecemento na Avda. E. Sequeiros, nºX (non se permite a instalación de terraza na fachada nen na rúa Lirio).

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR O ESPAZO ADECUADO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beiraría/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

58.F.G.A. (BAR RINCON), con NIF ***1460**, con enderezo na rúa Cega, nºX 36940 Cangas.

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019. de 16 m2 na rúa Cega, nºX.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O

ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o transito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

*59.A.P.P`-(CONFITERIA-DEGUSTACION A LAMBONA), con NIF ***7525** e con enderezo na Urb. Airiños do Monte, nºX – Darbo 36949 Cangas.*

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019. de 5 m2 na fachada do lateral do establecemento na Praza do Arco, nºX.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHICULOS AUTORIZADOS.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o transito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

*60.G.J.G.V. (MESON O BATEL), NIF ***8554**, con enderezo na rúa Faixa, nºX 36940 Cangas.*

-do 1 de xuño ao 31 de outubro de 2019, de 10 m2 na fachada do establecemento na rúa Real, nºX.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHICULOS AUTORIZADOS.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o transito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

*61.P.J.A.G (CAFETERIA-BAR A DE PEDRO), NIF ***3695**, con enderezo na rúa A Guarda, nºX 36940 Cangas.*

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019, de 9 m2 na fachada do establecemento na rúa Antonio Soage Jalda, nºX.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beiraría/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

62.P.P.F. (BAR BULE BULE), c/ NIF ***4092** c/ enderezo na rúa Longan,X 36947 Cangas.

-do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2019, de 12 m2 no fronte do establecemento na Aldea de Arriba, n°X

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHICULOS.

Segundo a Ordenanza municipal Capitulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade dende ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beiraría/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes".

Expediente 6701/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.R.D., en calidade de administrador da comunidade de propietarios "Los Pinos 7", na que demanda o pintado de liña amarela na entrada do edificio.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto en data 20.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Informa que a beiraría ten 1 m., de ancho e fronte á entrada non hai rebaixe desta. Por parte da policía local non cre conveniente autorizar o pintado, xa que a entrada ten beiraría e pódese acceder por ela".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable emitido ao respecto pola policía local, acorda rexeitar a solicitude realizada polo Sr. R.D., para sinalización de liña amarela.

Expediente 6545/2019. Solicitud de sinalización vertical

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.M.R.F., na que demanda a colocación de nun espello en baixada á Serra de Poente, nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 15.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"..... Por parte da policía local non existe inconveniente en autorizar a colocación do espello".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. R.F., para sinalización vertical.

Expediente 1306/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1306/2019.- Conceder A J.G.R., con enderezo na Pedreira, nº X-A-Coiro, licenza de obra para a construción dunha piscina de 34,45 m2., no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y., de data febreiro de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cinco mil setecentos corenta e cinco euros con cincuenta e oito céntimos (5.745,58 €).

Expediente 949/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 949/2019.- Conceder licenza de obras a J.M.G.Q., con enderezo en barrio O Barro, nº X-Tomiño, para a construción dunha edificación destinada a apartamento turístico nunha superficie de 24,30 m2., en Arneles-O Igrexario-O Hío (referencia catastral X), na mesma parcela na que está autorizada a instalación dunha área de autocaravanas, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J.R.L., de data febreiro de 2019. Antes do comezo das obras deberá presentar o proxecto de execución e oficios de dirección. Deberá, así mesmo, formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza e obter a preceptiva autorización de turismo antes do inicio da actividade. O presuposto de execución material ascende a dezaioito mil cento nove euros con trinta e tres céntimos (18.109,33 €).

Expediente 5595/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5595/2019.- Autorizar a "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA",

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico X, a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para parcela sita en rúa Fomento, nº X-Cangas (referencia catastral X) (expediente nº UD248319070055), para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 2,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial, P.L.A., de data 25 de setembro de 2019, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de oitocentos euros con oitenta céntimos (800,80 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 3689/2017. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3689/2019.- EXPEDIENTE Nº 24.911.- LICENZA Nº 23.882.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J.M.B.M. E L.B.C. con enderezo en rúa Andalucía, nº X-Cangas, para unha vivenda unifamiliar no lugar da Rosada-Coiro (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.882 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 11 de novembro de 2019, e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 12 de novembro de 2019.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 4748/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 18.11.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 4748/2018-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"Con data 17 de outubro do 2018 J.O.M.S., con NIF nº ***0717**, solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística, para proceder ao seu pagamento no período voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro do 2019 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.*

Visto o xustificante de pagamento de data 17 de outubro do 2019, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 4748/2018-S, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a J.O.M.S. por ter realizado no lugar da Avda. de Bueu, as obras de cubrición de terraza e visto o xustificante de pagamento de data 17.10.2019, existente no expediente sancionador nº 4748/2018-S".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1911/2018. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente para aprobación do proxecto de investimento "Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto por estar tratado noutra Xunta de Goberno Local.

Expediente 6728/2019. Proposta da Alcaldía para inicio do expediente "Proxecto de parque forestal monte de Varalonga" Liña 2

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 21.11.2019 da alcaldía, referente ao inicio do expediente "Proxecto de parque forestal monte de Varalonga" Liña 2, que é como segue:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o 'Proxecto de parque forestal monte de Varalonga', redactado pola enxeñeira de montes R.C.R. (colexiada nº 3792), en marzo de 2018 e aprobado na sesión de Xunta de Goberno Local o 27 de marzo de 2018, no cal se recolle a necesidade da realización de traballos para o parque forestal na zona de Varalonga, en varios rodais do monte de Darbo e O Hío, para lograr un beneficio:

- 1. A nivel ambiental, actuando como purificador do aire a través de diferentes mecanismos.*
- 2. A nivel social, mellorando a calidade estética e recreativa do Concello de Cangas, creando un espazo de recreación en conciencia coa natureza, autosostible que teña un impacto mínimo, que incentive o coidado do medio ambiente e a conciencia ecolóxica na poboación beneficiaria.*

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e as comunidades de Montes do Hío e Darbo, para a creación do Parque forestal de Varalonga – Vilariño.

Tendo en conta a proposta redactada en xaneiro do 2019 pola enxeñeira R.C.R., colexiada nº 3792, coa segunda fase do proxecto onde detalla os: 'Traballos a executar no 2019 e orzamento de execución material', cun orzamento total de corenta mil cento cincuenta e tres euros con setenta e dous céntimos (40.153,72 €), sen IVE, e corenta e oito mil cincocentos oitenta e seis euros (48.586,00 €), co IVE engadido.

Vista a convocatoria da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPP nº 247, do día 27 de decembro de 2018, de: 'Segunda convocatoria de subvencións a concellos destinadas á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais 2018', xunto coa solicitude de axuda do Concello de Cangas ao abeiro das citadas bases do 27.12.2018.

Vista a resolución de concesión de axuda da Deputación de Pontevedra con data 31 de maio de 2019, destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais na provincia de Pontevedra (segunda convocatoria do ano 2018), pola que se concede ao Concello de Cangas a cantidade de trinta e catro mil dez euros con vinte céntimos (34.010,20 €) con destino ao financiamento da segunda fase do 'Proxecto de parque forestal monte de Varalonga' cun orzamento de corenta e oito mil cincocentos oitenta e seis euros (48.586,00 €), co IVE engadido.

Por todo o que antecede, de conformidade do disposto na Disposición adicional segunda da LCSP e o Decreto de delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local, asinado en data 17 de xuño de 2019, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- *Iniciar o procedemento de contratación do proxecto de parque forestal en Varalonga.*

SEGUNDO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto.

SEXTO.- Dar trasalado deste acordo aos departamentos de secretaría, intervención e apoio xurídico".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6197/2018. Proposta da Alcaldía relativa á Sentenza nº 254/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no PA 405/2018 (X-18/21)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 19.11.2019 da alcaldía, referente á Sentenza nº 254/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no PA 405/2018 (X-18/21), que é como segue:

"Vista a Sentenza nº 254/2019 ditada o día 13.11.2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no PA 405/2018, tramitado a instancia de E.R.L., contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no seu vehículo ao acceder ao aparcamento público de Altamira, en contía de catrocentos sesenta e seis euros con vinte céntimos (466,20 €).

Visto o fallo da citada sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:

‘Que, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo presentado por E.R.L. contra a desestimación presunta do Concello de Cangas da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada, se declara que a actividade administrativa impugnada non é conforme a dereito, e, en consecuencia, declárase a responsabilidade patrimonial do concello demandado e condenándose a este, de forma conxunta e solidaria coa entidade 'Mapfre España de seguros y Reaseguros SA', e nos termos do seu contrato de seguro, ao aboamento ao demandante da cantidade de douscentos trinta e tres euros con

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

dez céntimos (233,10 €), cos intereses legais correspondentes desde a data da reclamación administrativa (21 de marzo de 2018)´.

Tendo en conta que este Concello ten subscriba unha póliza de seguro coa entidade 'MAPFRE', para a cobertura deste tipo de continxencias, na cal se contempla unha franquía de cento cincuenta euros (150,00 €) por sinistro.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza firme nº 254/2019, ditada o día 13.11.2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no PA nº 405/2018, tramitado a instancia de E.R.L. contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de cento cincuenta euros (150,00 €), a favor de E.R.L., con DNI nº ***1242**, con cargo ao vixente orzamento municipal e requirir á compañía 'MAPFRE', para que aboe ao demandante a diferenza resultante.

Terceiro.- Proceder á terminación e arquivo do expediente administrativo de responsabilidade patrimonial RP-18/013 nº 1484/2018.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6735/2019. Proposta da Alcaldía para adopción de acordo de colaboración co Museo do Pobo Galego en materia de recuperación, estudo e divulgación da cultura galega de tradición oral

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 21.11.2019 da alcaldía, referente á adopción de acordo de colaboración co Museo do Pobo Galego en materia de recuperación, estudo e divulgación da cultura galega de tradición oral, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A SINATURA DUN ACORDO DE COLABORACIÓN CO MUSEO DO POBO GALEGO

Visto o acordo de colaboración remitido polo Museo do Pobo Galego para proceder a

Concello de Cangas

dixitalización de 67 cintas de cassette que forman parte do fondo local da Biblioteca Municipal e integrar unha copia no Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo, segundo o modelo que figura neste mesmo expediente como anexo I.

E dado que deste xeito se procede a efectuar a salvagarda dixital dunhas grabacións que permiten asegurar a súa conservación e consulta, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo de colaboración co Museo do Pobo Galego para a dixitalización dos materiais que figuran no anexo II deste expediente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6698/2019. Comunicación de xubilación de persoal municipal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 20.11.2019 da alcaldía, referente á comunicación de xubilación de persoal municipal, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN DE EMPREGADO MUNICIPAL

*Visto o escrito con rexistro de entrada nº 16675, de data do 20 de novembro de 2019, presentado polo empregado municipal, V.P.G. con DNI nº ***7669**, no que expón que o día 2 de xaneiro de 2020 cumpre os requisitos para acceder a xubilación de acordo coa lexislación vixente e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación ordinaria.*

Proponse:

Primeiro.- *Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal, V.P.G. con DNI nº ***7669***

Segundo.- *Que polo departamento de persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar proposta da alcaldía e polo tanto quedar informada da xubilación indicada.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes decretos da alcaldía:

- Decreto 2019-1962 de data 18/11/2019

- Decreto 2019-1898 de data 08/11/2019

Dación de conta de sinatura de convenio coa Consellería de Educación en materia de formación profesional de actividades físicas e deportivas

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura en data 13 de novembro de 2019 do seguinte convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Cangas, para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas, que é como segue:

"Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Cangas para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019.

REUNIDOS

Dunha parte, C.P.T., na súa condición de conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia e o artigo 3 do Decreto 138/2018, de 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

E doutra, Xosé Manuel Pazos Varela, na súa condición de alcalde-presidente do Concello de Cangas, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as partes recoñécense a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio de colaboración, consonte os principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia

que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e

EXPOÑEN

1.- Que a formación é un instrumento necesario para o desenvolvemento integral das persoas e especialmente da xuventude galega, polo que se fai necesario o aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles, a coordinación e a integración de esforzos e a mutua colaboración entre a administración local e a educativa.

2.- Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na oferta educativa do Instituto de Ensinanza Secundaria María Soliño de Cangas, inclúe ensinanzas de formación da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas. Para a impartición destas ensinanzas necesítanse instalacións deportivas que o nomeado centro non posúe.

3.- Que o Concello de Cangas comparte os mesmos desexos antes expostos, e por esta razón, está disposto a colaborar e a prestar as axudas necesarias para un funcionamento eficaz das referidas ensinanzas no Concello.

4.- Que ambas as institucións desexan seguir as recomendacións do artigo 25 da Lei 7/1085 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, sobre a promoción do deporte e instalacións deportivas.

En consecuencia, estas administracións acordan subscribir o presente convenio, con base nas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- *O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional regrada entre o Concello de Cangas e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional; especialmente no desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas.*

Segunda.- *A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asume o funcionamento e organización das ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas que se imparten no Instituto de Ensinanza Secundaria María*

Soliño de Cangas.

Terceira.- *O Concello de Cangas - Concellaría de Ensino e Deporte - facilitará o uso de instalacións deportivas (pistas de atletismo, pavillóns deportivos, pistas polideportivas ao aire libre,...), así como outros espazos urbanos dependentes do Concello, para a impartición dos módulos correspondentes ás ensinanzas técnico-deportivas de grao superior que os precisen.*

Cuarta.- *O Concello de Cangas - Concellaría de Ensino e Deporte - facilitará o uso da piscina municipal 'A Balea', dependente do Concello, para a impartición dos módulos correspondentes ás ensinanzas de formación profesional da familia profesional Actividades Físicas e Deportivas.*

Quinta.- *O acceso a estas instalacións deportivas por parte do alumnado das ensinanzas referidas anteriormente realizarase de acordo cun horario que determine a Concellaría de Ensino e Deporte do Concello de Cangas, conforme ao marco horario xeral das propias instalacións, do centro docente e ao calendario escolar do curso e ás normas establecidas do uso das instalacións.*

Sexta.- *O Concello de Cangas - Concellaría de Ensino e Deporte - Cangas, atenderá os gastos xerais das instalacións deportivas, así como tamén os derivados da conservación, reparación e mantemento das referidas instalacións, como titular delas.*

Sétima.- *O IES María Soliño de Cangas, a través do departamento de educación física, facilitará a colaboración coa Concellaría de Ensino e Deporte na organización e promoción de actividades e xornadas vinculadas á animación físico-deportiva-saudable, dirixidas a todas as idades (visibilización de deporte na rúa, semana do deporte,...).*

Oitava.- *A aplicación do presente convenio non implica ningún tipo de gasto para a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.*

Novena.- *Establécese unha comisión de seguimento, control e supervisión que se reunirá como mínimo unha vez ao ano co obxecto de facer un balance das accións desenvolvidas e planificar*

as actividades futuras.

Esta comisión estará constituída por:

- a. - Unha persoa representante da administración educativa, designada pola Xefatura Territorial da Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional de Pontevedra, que presidirá a comisión.*
- b. - O/a director/a do Instituto de Ensinanza Secundaria 'María Soliño' de Cangas ou persoa en quen delegue.*
- c. - A persoa titular da Concellería de Deporte do Concello de Cangas, ou persoa en quen delegue.*
- d. - Unha persoa designada polo Concello entre o seu persoal técnico.*

Décima.- *O presente convenio terá unha vixencia de dous anos, desde a data da súa sinatura e prorrogarse tacitamente por períodos anuais mentres non exista denuncia por algunha das partes. A dita denuncia deberá realizarse por escrito e cunha antelación de un mes á data de finalización.*

Décimo primeira.- *Este convenio terá carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.*

No non previsto, aplicaráselle os principios recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, co fin de resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E para que así conste, asínase este convenio por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A conselleira de Educación, Universidade

e Formación Profesional

Asdo.: C.P.T.

O alcalde-presidente do Concello de Cangas

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela".

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración con ACICA para o Plan de dinamización comercial ano 2019

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte convenio de colaboración asinado en data 19 de setembro de 2019, entre a "Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas" (ACICA) e o Concello de Cangas para o desenvolvemento do "Plan de Dinamización Comercial" para o ano 2019, que é como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DE CANGAS (ACICA) E O CONCELLO DE CANGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA O ANO 2019

En Cangas, a 19 de setembro de 2019

REUNIDOS

Por unha banda, Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas, asistido polo secretario da corporación.

Por outra banda, R.P.F., xerente de FECIMO, con CIF nº G36179018, e domicilio en Cangas, na Avenida de Vigo, nº X, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número 94.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade e abrogándose nos termos deste documento

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 i) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias propias as feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades da cidadanía.

SEGUNDO.- Que a Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO, se encarga de organizar e xestionar distintos proxectos, campañas e feiras en prol da promoción da actividade comercial do Concello.

TERCEIRO.- *Que a Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO, está a desenvolver actividade relacionada coa actividade comercial desde a súa creación, e presenta na Mesa Local de Comercio realizada o día 18 de febreiro de 2019, o "Plan de Dinamización Comercial 2019", para a promoción e fomento da actividade comercial no Concello de Cangas.*

CUARTO.- *A Mesa Local de Comercio, na sesión realizada o día 18 de febreiro de 2019, deu conta do seguinte acordo:*

"PUNTO SEGUNDO.- Se procede, dar conta do convenio de colaboración que se asinará neste ano 2019 entre o Concello de Cangas e a Federación de Comerciantes do Morrazo (FECIMO) para complementar parte do financiamento do Plan Estratégico para o Desenvolvemento do Centro Comercial Aberto en Cangas, para a dinamización do tecido comercial de CANGAS CENTRO. Fecimo na memoria descritiva do proxecto, presenta un orzamento para financiar as

Concello de Cangas

actuacións previstas, mediante a subvención solicitada anualmente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia e a colaboración dos concellos da comarca.”

QUINTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora desta subvencións.*
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán procedementos de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

SEXTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

SÉTIMO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese pola cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a promoción e fomento da actividade comercial entre a cidadanía do Concello de Cangas.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO, organizará en colaboración co Concello de Cangas o 'Plan de Dinamización Comercial 2019', para a promoción e fomento da actividade comercial.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas, por Decreto de Alcaldía 2019-0755 de data 23 de maio de 2019, comprométese a aportar a cantidade de cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) á Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO, para o desenvolvemento do nomeado Plan de Dinamización Comercial 2019, con cargo á partida 2019 / 0 / 912 / 48 / 02 do orzamento municipal para o exercicio 2019.

TERCEIRA.- A Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO comprométese a:

- A realización do Plan de Dinamización Comercial subvencionado e ao pago de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións aos que dese lugar.*
- Cumprir a normativa e obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa*

execución.

- *Someterse ás actuacións de comprobación e organización que aos órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á súa realización.*

- *Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.*

CUARTA.- A Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO, comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, antes do 13 de decembro de 2019, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que serán os seguintes:

- *Memoria detallada do programa de actividade desenvolvida, con indicación de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención e que os fondos foron destinados na súa integridade ao cumprimento desta.*

- *Promoción do plan de actividade subvencionado. A entidade beneficiaria deberá acreditar o cumprimento da obriga de facer constar claramente que este plan de actividade está subvencionado ou patrocinado polo Concello, de acordo co establecido no artigo 31. 22 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

- *Orzamentos de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9 /2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Cangas.*

Considérase gasto realizado o que conste como efectivamente pagado antes da fin do período de xustificación da subvención, polo que deberá acreditarse o pagamento efectivo dos diferentes gastos antes da fin dese período.

- *Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cangas, coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*

- *Declaración doutras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade e de calquera outros ingresos destinados ao financiamento da actividade.*

- *Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin ser debedor por obrigas de reintegro de subvencións.*

- *Certificación da conta bancaria na que se solicitar o ingreso de subvención.*

Tanto a memoria como os documentos que integran a xustificación, presentaranse asinados e

identificando debidamente á persoa asmante, quen se fará responsable da veracidade e exactitude dos datos consignados na sinalada documentación.

QUINTA.- Establécese a obriga por parte da Federación de Comerciais e Industriais do Morrazo, FECIMO, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9 / 2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado no lugar e data sinalados.

*POR FECIMO
O XERENTE*

POLO CONCELLO DE CANGAS

Asdo.: R.P.F.

Asdo.: XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850